



## BASES I CANTOS DE TABERNA NO SAVIÑAO

O Concello do Saviñao convoca e organiza a I edición de “Cantos de Taberna” no Saviñao, que terá lugar o 29 de marzo de 2024 a partir das 18:00 horas e cuxa finalidade é dinamizar o sector hostaleiro do municipio e promover actividades culturais tradicionais. Os grupos de música poderán participar de conformidade coas seguintes bases:

1. Os grupos participantes estarán formados por un mínimo de 5 persoas e un máximo de 15 que irán acreditadas de xeito visible. A participación no concurso estará limitada a 12 grupos.
2. A inscrición é de balde e realizarase a través dos enderezos electrónicos [concelleriadecultura@concellodosavinao.net](mailto:concelleriadecultura@concellodosavinao.net) ou no teléfono 982452061. O prazo de inscrición será ata o 25 de marzo de 2024.
3. Para a inscrición deberá achegar a ficha de solicitude (Anexo I) que estará dispoñible na sede electrónica no portal <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>
4. O evento desenvolverase o venres 29 de marzo do 2024 a partir das 18:00 h.
5. Cada grupo percorrerá o itinerario que a organización lle marque, non podendo realizar actuacións noutros locais de hostalería que non lle fosen asignados. Os grupos deberán seguir as indicacións que o hostaleiro/a lle indique para a súa mellor ubicación dentro de cada local.
6. Cada grupo tocará entre 2 e 3 cancións (en función do número de participantes) en cada local que lle sexa asignado. O repertorio será de libre escolla, preferentemente con temas populares e tradicionais, que poderán variarse ao longo do percorrido.
7. Cada grupo poderá aportar xunto coas voces, que serán obrigatorias, instrumentos musicais que os acompañen (acordeón, guitarra, instrumentos de vento e/ou percusión tradicional).
8. Os integrantes de todos os grupos quedarán convidados a uns pinchos na carpa da Praza España onde terá lugar ao remate a foliada libre.
9. A organización entregarlle os participantes o material necesario para participar nos cantos de taberna, o día 29 de marzo ás 17:45 h na carpa da Pr. España.
10. O Responsable obterá datos de carácter persoal de cada representante dos grupos participantes: nome completo, teléfono móbil, correo electrónico, etc. Estes datos empregaranse, unicamente, a efectos de inscrición na actividade e, en todo caso,





como acción promocional na páxina web e/ou nas redes sociais vinculadas ao Concello do Saviñao. Todas as persoas participantes da actividade están de acordo e son conscientes de que, durante a actividade, se lles poden facer fotografías ou gravar vídeos para a utilización promocional por parte do Responsable.

11. As persoas participantes autorizan o tratamento dos seus datos persoais de conformidade coa lexislación vixente e para o fin para o que se destinan. Garántese ás persoas participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais, para que o haberán de dirixirse ao Concello de O Saviñao con domicilio social na Praza de España 1, 27540 O Saviñao. Coa participación neste evento, a persoa presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais por parte do Responsable conforme as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).
12. A participación neste evento, supón a total aceptación destas bases.

O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE.**





**ANEXO I. FICHA DE INSCRIPCIÓN I CANTOS DE TABERNA**

NOME DO GRUPO: \_\_\_\_\_

NÚMERO DE COMPOÑENTES: \_\_\_\_\_

PERSOA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_

EMAIL: \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO: \_\_\_\_\_

NOMES E APELIDOS DOS INTEGRANTES:

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_

6. \_\_\_\_\_

7. \_\_\_\_\_

8. \_\_\_\_\_

9. \_\_\_\_\_

10. \_\_\_\_\_

11. \_\_\_\_\_

12. \_\_\_\_\_

13. \_\_\_\_\_

14. \_\_\_\_\_

15. \_\_\_\_\_

O Saviño, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

Asdo.: O representante

